

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*ORDE do 29 de maio de 2020 pola que se convocan prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso 2020/21 (código de procedemento ED306A).*

As residencias escolares prestan un servizo complementario que contribúe eficazmente ao desenvolvemento educativo, pois facilitan o acceso ao ensino postobrigatorio ao alumnado que debe escolarizarse en localidades distintas ás do seu domicilio habitual, así como a aquel que, por circunstancias excepcionais, deba utilizar o servizo de residencia como medida para asegurar unha adecuada resposta educativa que non pode recibir nun centro docente da súa residencia habitual.

A disposición derradeira primeira do Decreto 43/1989, do 2 de marzo, que establece a transformación dos centros de ensinanzas integradas da Coruña, Ourense e Vigo en institutos de educación secundaria e profesional e centros residenciais docentes (*Diario Oficial de Galicia* número 62, do 31 de marzo de 1989), faculta a consellería competente en materia de educación para o seu desenvolvemento e execución.

Na súa virtude, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

#### CAPÍTULO I

#### Condicións xerais e requisitos

##### *Sección 1ª. Condicións xerais*

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. A presente orde ten por obxecto regular o procedemento (código ED306A) para adxudicar as prazas de residencia existentes nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, ao alumnado que no curso académico 2020/21 inicie ou continúe estudos posobrigatorios non universitarios en centros docentes públicos ou privados concertados situados nos termos municipais da Coruña, Culleredo, Ourense e Vigo.



2. No caso de centros docentes privados concertados deberá tratarse de ensinanzas e niveis incluídos no ámbito do concerto educativo.

#### Artigo 2. *Condición de solicitante*

Para os efectos desta orde, terá a condición de solicitante a alumna ou o alumno. No caso de que sexan menores de idade, actuarán asistidos polos seus representantes legais.

#### Artigo 3. *Residentes con reserva de praza*

1. As persoas residentes terán reserva de praza ata que completen os cursos dun concreto nivel educativo ou ciclo formativo que dean lugar á obtención dun título académico, sempre que non repitan curso e non varíen as demais circunstancias que se tiveron en conta para a adxudicación inicial.

2. Se queda algunha praza sen ocupar, deberá acumularse ás vacantes ofertadas polo centro ou, de ser caso, ofertarse ao alumnado que figure na listaxe de suplentes, respectando a orde de prelación. Así mesmo, o centro residencial deberá comunicar esta circunstancia e o número de prazas afectadas á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

#### Artigo 4. *Residentes sen reserva de praza*

As persoas residentes que rematen un concreto nivel educativo ou ciclo formativo, obtendo ou reunindo as condicións necesarias para obter o título académico correspondente, non teñen reserva de praza, polo tanto, para continuar estudos deberán presentar nova solicitude.

#### Artigo 5. *Prazas de residencia reservadas e prazas vacantes*

Os centros residenciais docentes, no prazo de tres (3) días contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*:

1. Elaborarán e remitirán á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos unha estimación nominativa das persoas residentes que, á vista da información dispoñible nesa data, poidan ter reserva de praza para o curso 2020/21.

2. Publicarán o número de prazas vacantes ofertadas na súa páxina web e/ou no seu taboleiro de anuncios.



O número de prazas vacantes ofertadas poderá modificarse en función das necesidades derivadas da aplicación das medidas de protección estatais ou autonómicas para facer fronte á situación provocada pola COVID-19.

#### Artigo 6. *Incompatibilidades*

1. As persoas que estean en posesión ou reúnan os requisitos necesarios para obter o título académico correspondente a un determinado nivel e modalidade educativa ou a un determinado ciclo formativo non poderán obter praza de residencia para realizar estudos do mesmo nivel ou dun nivel equivalente. Non se aplicará esta causa de incompatibilidade cando, unha vez adxudicadas as prazas ás persoas admitidas, seguisen existindo prazas vacantes.

2. A condición de persoa adxudicataria de praza de residencia gratuíta é compatible coas axudas da convocatoria xeral de bolsas e axudas ao estudo, agás aquelas que teñan como compoñente o pagamento de gastos de comedor e/ou residencia escolar.

3. A obtención de praza de residencia non gratuíta é compatible coas indicadas axudas, sempre que o importe da axuda destinado a gastos de comedor e/ou residencia escolar non supere a cantidade que ten que aboar.

#### *Sección 2ª. Requisitos académicos, persoais, de lugar de residencia e económicos*

#### Artigo 7. *Requisitos académicos e persoais*

A persoa solicitante deberá reunir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculada en estudos posobrigatorios non universitarios nalgún dos centros docentes indicados no artigo 1 desta orde no curso 2020/21.

2. Non repetir curso e, no caso de cambio de estudos, non ter abandonado dúas veces estudos iniciados para matricularse noutros estudos distintos.

Excepcionalmente, por causas debidamente xustificadas, a Comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento destes requisitos, á vista da proposta que efectúe o centro residencial e do informe da inspección educativa.



3. Non ter sido expulsada no curso anterior dun centro residencial nin estar sometida a un procedemento disciplinario en trámite, por algunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia descritas no artigo 15 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no capítulo II do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

*Artigo 8. Lugar de residencia da unidade familiar e accesibilidade aos estudos*

1. A persoa solicitante deberá estar matriculada nunha concreta modalidade dun nivel educativo ou nunha familia profesional ou especialidade dun ciclo formativo, que:

a) Non se imparta en ningún centro sostido con fondos públicos da localidade galega de residencia habitual da unidade familiar á cal pertenza.

b) E tampouco se imparta nunha localidade que, pola súa proximidade á de residencia habitual ou polos medios de comunicación dispoñibles, permita o desprazamento diario con facilidade.

2. Excepcionalmente, por circunstancias persoais ou familiares moi graves debidamente xustificadas, a Comisión de valoración poderá eximir de forma motivada do cumprimento destes requisitos, á vista da proposta que efectúe o centro residencial e dos informes que se consideren oportunos.

*Artigo 9. Membros computables da unidade familiar*

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) O alumnado solicitante.

b) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as persoas titoras.

c) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora.

d) As irmás e os irmáns solteiros menores de 25 anos que dependan das persoas proxenitoras, sempre que convivan no domicilio familiar.



e) As irmás e irmáns maiores de 18 anos con discapacidade sempre que convivan no domicilio familiar.

2. Cando a persoa solicitante alegue que vive de forma independente respecto da súa unidade familiar deberá acreditar: a dispoñibilidade da vivenda (en propiedade, en alugamento...); que vive de forma efectiva nela (recibos de luz, auga...); e que dispón de medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos. Se non xustifica os aspectos indicados, non se considerará probado, para os efectos desta orde, a circunstancia de vida independente.

3. Non terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) A persoa proxenitora que non conviva habitualmente coa persoa solicitante no caso de separación legal ou divorcio, agás que a persoa solicitante sexa menor e os proxenitores teñan a custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

#### Artigo 10. *Determinación da renda da unidade familiar*

1. A renda da unidade familiar que se terá en conta é a do exercicio fiscal 2018 e obtense pola suma das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculados segundo indican os puntos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Cando o membro computable presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, sumárase a base imponible xeral (recadro 432) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non a presente, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Española de Administración Tributaria.

3. Os ingresos obtidos polo novo cónxuxe ou parella de feito da persoa proxenitora coa que conviva habitualmente a persoa solicitante compútanse para calcular a renda da unidade familiar.

4. Nos casos de separación legal ou divorcio, se os proxenitores teñen (ou tiveron) a custodia compartida da persoa solicitante, computaranse os ingresos de ambos.

5. Nos casos de violencia de xénero quedan excluídos do cómputo os ingresos do agresor.



*Sección 3ª. Alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia*

*Artigo 11. Alumnado en situación de tutela ou garda*

No caso do alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia, tanto se está en centro de menores como se está acollido por unha familia, aplícanse as seguintes especialidades:

1. En canto á accesibilidade (artigo 9), considerarase desde a localidade do centro de menores ou a de residencia da familia de acollida.
2. En canto á renda (artigo 10), non se ten en conta nin a renda da súa unidade familiar nin a da familia de acollida.
3. Así mesmo, sempre que cumpran os requisitos académicos e persoas (artigo 7), terán preferencia para obter praza.

**CAPÍTULO II**

**Modalidades de adxudicación de praza: gratuíta e bonificada**

*Artigo 12. Adxudicación de praza gratuíta*

A adxudicación de praza de residencia será gratuíta:

1. Cando a renda da unidade familiar sexa igual ou inferior ao limiar 2 fixado polo Real decreto 430/2019, do 12 de xullo, do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2019/20 (*Boletín Oficial del Estado* núm. 167, do 13 de xullo).

2. Cando se trate de alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

*Artigo 13. Adxudicación de praza bonificada*

1. Cando a renda da unidade familiar sexa superior ao limiar 2, a persoa adxudicataria deberá aboar anualmente as seguintes cantidades:

a) Ata un 10 %: 565,87 €.



b) Máis do 10 % e ata un 20 %: 867,74 €.

c) Máis do 20 % e ata un 30 %: 1.392,95 €.

d) Máis do 30 %: 2.066,75 €.

2. O pagamento desta cantidade poderá fraccionarse ata un máximo de 3 prazos trimestrais, que deberán facerse efectivos antes do inicio do respectivo trimestre.

### CAPÍTULO III

#### **Criterios de baremo**

##### Artigo 14. *Criterios de baremo*

1. As solicitudes valoraranse conforme a criterios socioeconómicos e de rendemento académico.

2. Os criterios socioeconómicos abranguen: composición da unidade familiar, orfandade ou calquera outra situación familiar especial; número de habitantes do lugar de residencia da unidade familiar e renda da unidade familiar.

##### Artigo 15. *Puntuación pola composición da unidade familiar*

1. Por irmán ou irmá asignaranse as seguintes puntuacións:

a) Irmán ou irmá solteiro/a menor de 25 anos non independizado que conviva no domicilio familiar, incluída a persoa solicitante: 1 punto por cada un.

b) Irmán ou irmá residente no mesmo centro: 0,50 puntos por cada un.

2. En atención á condición de orfo, asignaranse as seguintes puntuacións:

a) Orfo/a de pai ou de nai: 9 puntos.

b) Orfo/a absoluto: 13 puntos.



3. Ás situacións familiares especiais enumeradas a seguir asignaráselles a puntuación indicada en cada caso (máximo de 6 puntos):

a) Violencia de xénero: 4 puntos.

b) Residencia habitual dos pais ou titores no estranxeiro: 2 puntos.

c) Discapacidade dalgún membro computable da unidade familiar igual ou superior ao 33 %: 1 punto por cada un; e se é igual ou superior ao 65 %: 4 puntos por cada un.

d) Desemprego dalgunha das persoas proxenitoras, ou de ambas, sempre que esgotasen o dereito a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego e que continúen inscritos como demandantes de emprego: 2 puntos por cada un.

*Artigo 16. Número de habitantes da entidade singular de poboación de residencia da unidade familiar*

En atención ao número de habitantes da entidade singular de poboación onde resida a unidade familiar, atribuirase a seguinte puntuación:

1. Menos de 1.000 habitantes: 5 puntos.
2. Entre 1.001 e 2.000 habitantes: 4 puntos.
3. Entre 2.001 e 5.000 habitantes: 3 puntos.
4. Entre 5.001 e 10.000 habitantes: 2 puntos.
5. Entre 10.001 e 20.000 habitantes: 1 punto.
6. Máis de 20.000 habitantes: 0 puntos.

*Artigo 17. Renda da unidade familiar*

Atendendo á renda da unidade familiar, atribuirase a seguinte puntuación:

1. Ata 4.265,00 €: 10 puntos.
2. De 4.265,01 a 4.840,00 €: 8 puntos.





3. De 4.840,01 a 5.420,00 €: 7 puntos.
4. De 5.420,01 a 5.992,00 €: 6 puntos.
5. De 5.992,01 a 6.620,00 €: 5 puntos.
6. De 6.620,01 a 7.145,00 €: 4 puntos.
7. De 7.145,01 a 7.726,00 €: 3 puntos.
8. De 7.726,01 a 8.300,00 €: 2 puntos.
9. De 8.300,01 a 8.878,00 €: 1 punto.
10. Máis de 8.878,00 €: 0 puntos.

Artigo 18. *Rendemento académico*

1. Terase en conta a nota media obtida no curso escolar inmediatamente anterior, isto é, 2019/20, na realización de estudos que dean lugar á obtención dun título académico oficial, acreditado mediante o certificado oficial de notas. Cando non cursase estudos no curso 2019/20, terase en conta a nota media do último curso que realizase.

2. A nota media será a media aritmética das cualificacións numéricas finais obtidas no curso na escala 0 a 10. As materias non presentadas valoraranse con 2,50 puntos.

A nota media arredondarase á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior, e expresarase con dúas cifras decimais.

3. Unicamente cando non existan cualificacións numéricas, aplicarase a seguinte táboa:

- a) Matrícula de honra = 10,00 puntos.
- b) Sobresaliente = 9,00 puntos.
- c) Notable = 7,50 puntos.



d) Ben = 6,50 puntos.

e) Aprobado = 5,50 puntos.

f) Suspenso, non presentado ou non apto: 2,50 puntos.

#### Artigo 19. *Supostos excepcionais*

1. As circunstancias persoais, familiares, sociais e económicas das cales derive unha problemática específica, así como o feito de residir en zonas con grandes dificultades de escolarización, poderán ser consideradas como supostos excepcionais e poderá outorgarse unha puntuación adicional de ata 10 puntos.

2. Para tal efecto, á vista da solicitude e demais documentación que achegue a persoa interesada, tendo en conta a proposta que efectúe o centro residencial e o informe da inspección educativa, a Comisión de valoración resolverá de forma motivada.

### CAPÍTULO IV

#### **Procedemento de adxudicación de praza en período ordinario**

#### Artigo 20. *Competencias*

1. Na tramitación do procedemento de adxudicación de prazas de residencia, a instrución corresponderá ao respectivo centro residencial docente; e a valoración dos criterios de baremo e a elaboración de propostas, á Comisión de valoración prevista no artigo 29.

2. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos adoptará as resolucións e acordará a súa publicación nos termos previstos nesta orde.

3. O presente procedemento tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, a través da comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases da convocatoria e adxudicar as prazas e as bonificacións das cotas ás persoas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios (artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Así mesmo, de acordo co artigo 23.4 e 5 da dita lei, o prazo máximo para tramitar o procedemento será de cinco (5) meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da



convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*; transcorrido este, a solicitude poderá entenderse denegada por silencio administrativo negativo.

*Sección 1ª. Presentación de solicitudes e documentación*

*Artigo 21. Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente no centro residencial docente e en calquera dos lugares e rexistros establecidos na norma reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O formulario normalizado de solicitude (anexo I) e o de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar (anexo II), ademais estarán dispoñibles:

- a) No portal educativo, enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
- b) Nas dependencias dos centros residenciais docentes.

3. A solicitude deberá estar asinada pola persoa solicitante, ou polo seu representante legal, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos exixidos nela e que todos os datos contidos na solicitude e na documentación achegada son certos; así mesmo, que reúne os requisitos necesarios para obter o título académico que indica.

*Artigo 22. Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes en período ordinario será:

1. Para o alumnado matriculado en bacharelato, entre o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e o 10 de xullo de 2020 (este incluído).



2. Para o alumnado matriculado en ciclos formativos, entre o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e o 3 de agosto de 2020 (este incluído).

Artigo 23. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

1. Cando se trate de alumnado que solicita praza por primeira vez ou de alumnado residente sen reserva de praza:

a) O anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar), de ser o caso.

b) Xustificante da matrícula para o curso académico 2020/21.

c) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Se non ten libro de familia ou este non reflecta a situación, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

d) Certificado de convivencia da persoa solicitante e os demais membros computables da familia no mesmo domicilio.

e) Certificado oficial das notas do curso escolar 2019/20 e se non cursase estudos neste, o do último curso que realizase.

f) Certificado do grao de discapacidade da persoa solicitante ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

g) Documentación xustificativa da exención dos requisitos de non repetir curso ou de non ter abandonado por dúas veces os estudos iniciados.



h) Documentación acreditativa da concorrencia de circunstancias persoais ou familiares moi graves para eximir do requisito de accesibilidade aos estudos desde o lugar de residencia.

i) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero. Poderá acreditarse en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

j) Resolución xudicial xustificativa do acollemento familiar.

k) Calquera outro documento que consideren conveniente.

2. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación presencialmente no centro residencial ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. Os documentos achegados deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación e reflectir a situación persoal e familiar na data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, agás a renda da unidade familiar, que será a correspondente ao exercicio fiscal 2018. No caso de violencia de xénero, observarase o disposto na lexislación específica.

#### Artigo 24. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante cando sexa menor de idade e do resto dos membros computables da unidade familiar.



b) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na súa falta, certificado tributario de imputacións do exercicio 2018, da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

c) Estar en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

d) Grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia á persoa solicitante ou ao resto dos membros computables da unidade familiar.

e) Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33 %), por parte da persoa solicitante ou o resto dos membros computables da unidade familiar.

f) Falecemento de persoa proxenitora do alumnado.

g) Estar inscrita a persoa proxenitora como demandante de emprego e ter esgotado a prestación e/ou o subsidio por desemprego.

2. No caso de que as persoas interesadas (o alumnado solicitante e os membros computables da unidade familiar) se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude (anexo I) e no de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar (anexo II) e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 25. *Declaración responsable do alumnado residente*

1. O alumnado residente con reserva de praza deberá indicalo na solicitude marcando o correspondente recadro do modelo normalizado (anexo I).



2. A sinatura da solicitude implicará a seguinte declaración: que os estudos que vai realizar no curso 2020/21 son necesarios para completar un nivel educativo ou ciclo formativo que dea lugar á obtención de título académico; que se manteñen as circunstancias familiares, de lugar de residencia e económicas que deron lugar á adxudicación inicial, e que non repite curso.

3. En calquera momento, a dirección do centro residencial docente poderá requirirle a documentación acreditativa de reunir os requisitos indicados.

#### Artigo 26. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesada realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente no centro residencial ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 27. *Falta de xustificación de requisitos e/ou de criterios de baremo*

1. En todo caso, a dirección do centro residencial e a Comisión de valoración poderán requirir a documentación complementaria que xulguen necesaria para constatar a concorrencia ou, de ser o caso, o mantemento dos requisitos e dos criterios de baremo.

2. A falta ou insuficiente xustificación dun requisito impedirá obter ou conservar a praza de residencia. Cando a omisión ou deficiente xustificación afecte un criterio de baremo, atribuiráselle neste 0 puntos.

#### Artigo 28. *Publicación dos actos*

Logo da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, publicaranse no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal>) e na páxina web e/ou no taboleiro de anuncios do respectivo centro residencial docente: as listaxes provisionais e definitivas previstas nesta orde coas indicacións necesarias para xestionar o procedemento.



**Artigo 29. Notificacións**

1. As notificacións das demais resolucións e de actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia – Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións na conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Artigo 30. Transparencia e bo goberno**

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os centros docentes publicarán no taboleiro de anuncios e/ou páxina web a relación das





persoas beneficiarias, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

#### *Sección 2ª. Comisión de valoración*

##### *Artigo 31. Composición e funcións da Comisión de valoración*

1. A Comisión de valoración estará composta por:

a) Presidente/a: a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ou aquela en quen delegue.

b) Vogais: un/unha representante de cada un dos centros residenciais docentes.

c) Un/unha representante do servizo de recursos educativos complementarios dunha das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de educación.

d) Un/unha representante da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

e) Dúas persoas funcionarias da consellería competente en materia de educación, das cales unha actuará como secretaria.

2. Á comisión corresponderalle valorar os criterios de baremo asignando as puntuacións e as demais funcións atribuídas nesta orde.



*Sección 3ª. Listaxes provisionais, definitivas, adxudicación de prazas e listaxe de suplentes*

*Artigo 32. Publicación da puntuación provisional das persoas admitidas e da listaxe das excluídas*

1. O día 28 de agosto de 2020 (este incluído), publicaranse a través da páxina web da consellería e do taboleiro de anuncios ou da páxina web do respectivo centro residencial:

a) A listaxe provisional de persoas admitidas que indicará a puntuación total por orde descendente e a correspondente a criterios socioeconómicos e ao rendemento académico.

b) A listaxe provisional de persoas excluídas que indicará a causa da exclusión.

2. As persoas solicitantes poderán formular reclamación ante a Comisión de valoración no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

3. As reclamacións formuladas entenderanse estimadas ou desestimadas mediante a publicación das listaxes definitivas.

*Artigo 33. Publicación da puntuación definitiva das persoas admitidas, da relación definitiva de excluídas, adxudicatarias de praza e suplentes*

1. O día 14 de setembro de 2020 (este incluído), publicaranse conxuntamente a través da páxina web da consellería e do taboleiro de anuncios ou da páxina web do respectivo centro residencial:

a) A listaxe definitiva de todas as persoas admitidas, indicando: a puntuación total por orde descendente e a correspondente a criterios socioeconómicos e ao rendemento académico.

b) A listaxe definitiva de persoas excluídas, que indicará a causa da exclusión.

c) A listaxe de persoas adxudicatarias, que indicará o nome e apelidos e o centro en que estean matriculadas.

d) A listaxe de suplentes, coas persoas admitidas que estando matriculadas no obteñan praza, seguindo a orde de prelación que resulte da súa puntuación definitiva.



2. Na adxudicación de prazas de residencia en período ordinario terán preferencia as persoas matriculadas en cursos completos e as que estean matriculadas, polo menos, na metade dos módulos que compoñan o ciclo formativo, seguindo en ambos os dous casos a orde de prelación que resulte da puntuación definitiva.

3. Se, feita esta adxudicación, seguen existindo prazas vacantes, adxudicaranse ao alumnado matriculado no número de materias ou de módulos que lle falte para finalizar os estudos; ao alumnado con matrícula parcial, que teña un mínimo de catro (4) materias; ou ao alumnado matriculado nun número de módulos que teñan unha duración horaria igual ou superior a 500 horas, seguindo a orde de prelación que resulte da puntuación definitiva.

4. Cando dúas ou máis persoas solicitantes empaten na puntuación total, terá preferencia a que teña maior puntuación no rendemento académico; se existe empate na puntuación por rendemento académico, resolverase por sorteo entre as persoas afectadas por este.

5. Fronte á resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que aproba e ordena a publicación das ditas listaxes, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso dealzada ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da consellería, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## CAPÍTULO V

### **Procedemento de adxudicación de praza en período extraordinario**

#### *Artigo 34. Presentación de solicitudes en período extraordinario*

Cando, feita a adxudicación de prazas en período ordinario, sigan existindo prazas vacantes, o centro residencial abrirá un prazo de presentación de solicitudes en período extraordinario entre o 15 e o 22 de setembro de 2020, ambos incluídos.

#### *Artigo 35. Tramitación*

A tramitación destas solicitudes axustarase ao establecido nos artigos anteriores, agás no relativo ás datas e prazos, que serán os seguintes:

a) Publicación da listaxe provisional: o 29 de setembro de 2020 (este incluído).



b) Prazo para formular reclamación: ata o 2 de outubro de 2020 (este incluído).

c) Publicación da listaxe definitiva e da adxudicación de praza: o 8 de outubro de 2020 (este incluído).

## CAPÍTULO VI

### Obrigas das persoas residentes e causas de perda da praza

#### Artigo 36. *Obrigas das persoas residentes*

1. As persoas beneficiarias de praza deberán incorporarse á residencia na data de inicio do curso escolar e respectar o réxime interno, as normas de convivencia e os horarios que permitan o normal desenvolvemento da vida residencial e docente.

Así mesmo, deberán presentar na secretaría do centro residencial o boletín oficial ou documento acreditativo das notas parciais obtidas durante o curso no prazo máximo de 5 días seguintes á súa entrega por parte do centro docente.

2. Os centros residenciais docentes permanecerán pechados as fins de semana (desde o venres pola tarde ata o domingo pola noite) tal e como establezan as normas de réxime interno do centro.

#### Artigo 37. *Causas de perda da praza*

1. As persoas residentes poderán perder a praza:

a) Por non incorporarse ao centro residencial na data de inicio do curso escolar, agás causa de forza maior debidamente xustificada.

b) Por non residir os días lectivos no centro residencial, agás causas debidamente xustificadas.

c) Por non entregar na secretaría do centro residencial o boletín oficial ou documento acreditativo das notas parciais obtidas durante o curso no prazo máximo de 5 días seguintes á súa entrega por parte do centro docente.

d) Por baixo rendemento académico (faltas reiteradas de asistencia que dean lugar á perda da avaliación, incumprimento dos requisitos para poder rematar o curso...), constatado a través do informe da inspección educativa.



e) Por perda da condición de alumna ou alumno do centro docente.

f) Por inexactitude ou falsidade nos datos ou na información achegada, cando afecte a concorrencia dos requisitos exixidos na convocatoria.

g) Por inexactitude ou falsidade dos datos ou da información achegada cando, afectando a criterios de baremo, a puntuación outorgada nese criterio sexa determinante da adxudicación da praza.

h) Por incumprimento das normas de réxime interno do centro residencial, cando se trate de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia ou condutas leves contrarias á convivencia, descritas respectivamente nos artigos 15 e 16 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

#### Artigo 38. *Procedemento*

1. A dirección do centro residencial notificará o feito constitutivo do incumprimento das indicadas obrigas á persoa residente e concederalle un prazo de cinco (5) días hábiles para que presente alegacións, documentos ou xustificacións que considere convenientes.

2. Á vista destas, ou transcorrido o prazo concedido, e logo do informe do consello da residencia, a persoa titular da dirección do centro resolverá o procedente no prazo de cinco (5) días hábiles.

3. Esta resolución notificaráselle á persoa interesada ou, de ser o caso, ao seu representante legal, indicando a posibilidade de interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

#### Disposición adicional primeira. *Estudos de formación profesional básica*

Se unha vez adxudicadas as prazas ao alumnado matriculado en estudos posobrigatorios non universitarios no curso académico 2020/21 seguisen existindo prazas vacantes, poderán adxudicarse a alumnado matriculado en formación profesional básica que reúna os demais requisitos previstos nesta orde.



Disposición adicional segunda. *Acceso a servizos do centro residencial por parte de estudantes non residentes*

1. As persoas estudantes incluídas na relación de suplentes e, na falta destas, as que reúnan os requisitos académicos previstos nesta orde para poder obter unha praza de residencia, poderán beneficiarse dalgún ou dalgúns servizos da residencia, sempre que exista a dispoñibilidade, logo de aboamento do seu importe.

2. Para determinar este importe teranse en conta as cantidades fixadas para as persoas residentes no artigo 13 desta orde.

3. En todo caso, a utilización de calquera servizo da residencia implica a obriga de cumprir todas as normas de réxime interno e de convivencia do centro.

Disposición adicional terceira. *Cobertura de prazas de residencia con alumnado universitario*

1. Se adxudicadas as prazas a todas as persoas admitidas, hai vacantes, estas poderán ser cubertas con alumnado universitario.

2. Esta circunstancia deberá anunciarse no taboleiro de anuncios do centro residencial, abrindo prazo para presentar solicitudes e documentación. A adxudicación destas prazas axustarase aos criterios de baremo establecidos nesta orde.

3. As persoas beneficiarias deberán aboar a cantidade de 3.024,07 €; o pagamento pode fraccionarse nun máximo de tres (3) prazos trimestrais, e deberá facerse efectivo antes do inicio do respectivo trimestre.

Disposición adicional cuarta. *Período de funcionamento dos centros residenciais docentes*

O período de funcionamento dos centros residenciais docentes coincidirá co calendario escolar que a consellería competente en materia de educación aprobe e publique no *Diario Oficial de Galicia* para o curso 2020/21. En todo caso, o centro residencial permanecerá pechado a partir do 30 de xuño de 2021.



**Disposición adicional quinta. *Deber de confidencialidade***

O persoal que preste servizos nos centros residenciais docentes que, con motivo do desenvolvemento das súas funcións, acceda a datos persoais e económicos do alumnado e das familias, quedará suxeito ao deber de confidencialidade e á lexislación sobre protección de datos.

**Disposición adicional sexta. *Persoas solicitantes que non perciban ingresos en España***

As persoas solicitantes que acrediten non percibir ningún ingreso en España, mediante o correspondente certificado tributario de imputacións, deberán xustificar os ingresos que obteña a unidade familiar a que pertenza no país estranxeiro onde resida.

Se é maior de idade e pretende ter vida independente, deberá acreditarlo na forma prevista no artigo 9.2 desta orde.

**Disposición adicional sétima. *Información básica sobre protección de datos persoais***

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional– coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora



a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición adicional oitava. *Dereito supletorio*

En todo o non previsto pola presente orde serán de aplicación as normas vixentes en materia de bolsas e axudas ao estudo.

Disposición derradeira primeira. *Medidas de desenvolvemento*

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en virtude desta orde, está facultada para adoptar as medidas necesarias para o seu cumprimento.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso postestativo de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde a mesma data (artigos 8, 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2020

Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional






**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
<b>ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES</b>	<b>ED306A</b>	<b>SOLICITUDE</b>

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR			<input type="text"/>			
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					
DATA DE NACEMENTO	SEXO						
<input type="text"/>	<input type="radio"/> Muller <input type="radio"/> Home						


<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.					
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.					
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)					
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR			<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

<b>ALUMNADO RESIDENTE NO CENTRO</b>	<input type="radio"/> Sen reserva de praza <input type="radio"/> Con reserva de praza
<b>ALUMNADO TUTELADO POLA XUNTA DE GALICIA</b>	<input type="checkbox"/> SI (marcar só en caso afirmativo)

<b>DATOS DA UNIDADE FAMILIAR</b>				
Número de irmáns/ás*	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> Orfo/a de pai ou nai	<input type="checkbox"/> Orfo/a absoluto/a	<input type="checkbox"/> Circunstancias familiares especiais
* Menores de 25 anos que dependan das persoas proxenitoras e maiores de 18 anos con discapacidade sempre que, en ambos os casos, convivan no domicilio familiar.				

<b>DATOS DO CENTRO DOCENTE</b> (en que vaia estar matriculado o alumnado para o curso 2020/21)		
DENOMINACIÓN DO CENTRO	CÓDIGO DO CENTRO	TIPO DE CENTRO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="radio"/> Diúrno <input type="radio"/> Nocturno

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: yaq7pw33-1c26-s793-5bf2-syhjkyvws3


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
 E FORMACIÓN PROFESIONAL

**ANEXO I**  
 (continuación)

**ESTUDO E CURSO EN QUE ESTÁ MATRICULADO (CURSO 2020/21)**

TIPO DE ESTUDO	CURSO	DENOMINACIÓN
<input type="checkbox"/> Bacharelato		
<input type="checkbox"/> Ciclo grao medio		
<input type="checkbox"/> Ciclo grao superior		

 SE NON ESTÁ MATRICULADO NO CURSO COMPLETO, INDICAR: Número de módulos:  Número de horas: 

OUTRAS ENSINANZAS:

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que acepta as bases da convocatoria e cumpre os requisitos exixidos nela.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que achega son certos.
3. Que reúne os requisitos necesarios para obter o título académico de:

**ADEMAIS, CANDO SE TRATE DE ALUMNADO CON RESERVA DE PRAZA**

4. Que os estudos que vai realizar no curso 2020/21 son necesarios para completar un nivel educativo ou ciclo formativo que dea lugar á obtención do título académico.
5. Que se manteñen as circunstancias familiares, de lugar de residencia e económicas que deron lugar á adxudicación inicial.
6. Que non repite curso.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**
**ALUMNADO QUE SOLICITA POR PRIMEIRA VEZ E RESIDENTES SEN RESERVA DE PRAZA**

- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar), de ser o caso.
- Xustificante da matrícula do curso 2020/21.
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables.

Se non ten libro de familia ou se este non reflicte a situación familiar na data de referencia\*, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Certificado de convivencia\* da persoa solicitante e os demais membros computables da familia que residan no mesmo domicilio.
- Certificado oficial das notas obtidas no curso escolar 2019/20, e se non cursase estudos neste, o do último curso que realizase.
- Certificado do grao de discapacidade\* da persoa solicitante ou de calquera membro da familia recoñecida por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia
- Documentación xustificativa da exención dos requisitos de non repetir curso ou de non ter abandonado dúas veces os estudos iniciados.
- Documentación acreditativa da concorrencia de circunstancias persoais e familiares moi graves para eximir do requisito de accesibilidade aos estudos desde o lugar de residencia.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero.
- Resolución xudicial constitutiva do acollemento familiar.

**OUTRA DOCUMENTACIÓN**

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións do exercicio 2018	<input type="checkbox"/>

**MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN**

- Situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia
- Grao de discapacidade \* recoñecido pola Xunta de Galicia
- Percepción de pensión\* por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou de pensión de clase pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo (equivale a discapacidade igual ao 33 %)
- Falecemento de persoa proxenitora do alumnado solicitante

NOME E APELLIDOS	DATA DE NACEMENTO	LUGAR E DÍA DE FALECIMENTO
		<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>

 \* NOTA: as circunstancias persoais e familiares son as existentes na data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: yaq7pw33-1c26-s793-5bf2-syhjtkjywws3


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL**ANEXO I**  
(continuación)**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Orde do 29 de maio de 2020 pola que se convocan prazas de residencia nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo para realizar estudos postobrigatorios non universitarios no curso 2020/21 (código de procedemento ED306A).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de  galicia

Xacobeo 2021

Centro Residencial Docente de  **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR  
ED306A - ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A/REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes datos serán obxecto de consulta ás administracións públicas	OPÓNOME Á CONSULTA	SINATURA
			NOME E APELIDOS	NIF			
		<input type="checkbox"/>			DNI/NIE Declaración do imposto sobre a renda ou certificado tributario de imputacións do exercicio 2018. CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN <input type="checkbox"/> Grao de discapacidade reconecido pola Xunta de Galicia. <input type="checkbox"/> Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas APLICABLE SÓ Á PERSOA PROXENITORA DO ALUMNADO <input type="checkbox"/> Estar inscrita como demandante de emprego e ter esgotado o dereito á prestación ou subsidio por desemprego	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			DNI/NIE Declaración do imposto sobre a renda ou certificado tributario de imputacións do exercicio 2018. CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN <input type="checkbox"/> Grao de discapacidade reconecido pola Xunta de Galicia. <input type="checkbox"/> Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas APLICABLE SÓ Á PERSOA PROXENITORA DO ALUMNADO <input type="checkbox"/> Estar inscrita como demandante de emprego e ter esgotado o dereito á prestación ou subsidio por desemprego	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			DNI/NIE Declaración do imposto sobre a renda ou certificado tributario de imputacións do exercicio 2018. CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN <input type="checkbox"/> Grao de discapacidade reconecido pola Xunta de Galicia. <input type="checkbox"/> Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas	<input type="checkbox"/>	
		<input type="checkbox"/>			DNI/NIE Declaración do imposto sobre a renda ou certificado tributario de imputacións do exercicio 2018. CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN <input type="checkbox"/> Grao de discapacidade reconecido pola Xunta de Galicia. <input type="checkbox"/> Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas	<input type="checkbox"/>	

\* NOTA: as circunstancias persoais e familiares son as existentes na data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.



ANEXO II  
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

**Actualización normativa:** no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

Lugar e data

,  de  de